

## **MESA NEGOCIACIÓN CONVENIO CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO DE GALICIA**

Despois de varias reunións da Mesa de Negociación do Convenio de Centros Especiais de Emprego conformada por UGT, CIG e CCOO pola parte sindical e CEGASAL e ASPAIS pola parte empresarial, entendemos que é chegado o momento de informar da situación actual (20/04/2026)

### **Propostas de UGT :**

> **Vixencia do novo convenio dende 01/01/2026 ata 31/12/2028**.... Aceptada por todas as partes.

> **Ningún dos complementos salariais ou extrasalariais deben ter a consideración de absorbibles nin compensables por calquera mellora futura, como por exemplo SMI, etc, etc**..... Aceptado por todas as partes.

> **Incremento dun día de vacacións**, é dicir, pasa de 32 días naturais ou 24 laborais a 33 días naturais ou 25 laborais..... aceptada por todas as partes.

En discusión a petición deste Sindicato de que cada persoa traballadora que cumpra 10 anos de antigüidade na empresa incrementará un día mais as súas vacacións.... A parte empresarial está de acordo pero quere que se incremente cando se cumpran 15 anos de antigüidade.

> **Que todos os permisos e licenzas se computen en días laborables e non en días naturais**.... aceptado por todas as partes.

> Está enriba da mesa a negociación polas partes a **proposta de suprimir o artigo 11.i)** que textualmente indica “.....Ademais, as persoas traballadoras cunha idade igual ou superior a 55 anos terán dereito a desfrutar anualmente dos seguintes días de libre disposición.....”, polo que de aceptar esta proposta todo o persoal afectado por este convenio colectivo verían incrementados os días de libre disposición en 2, 3 ou 4 días se teñen 15, 20 ou 25 anos de antigüidade na empresa.

> O importe do **Plus de Asistencia** este Sindicato reclamou a cantidade de 90€/Trimestre... a patronal está agora mesmo propondo un total de 63€/Trimestre e proporcional ao tempo efectivo traballado

> O mesmo sucede co **Plus de Distancia**.

> UGT reclamou que o **Plus de Domingos e Festivos** acadase á cantidade de 70€/xornada completa....a parte empresarial indica que poderían ser 42€/Trimestre



> No **Plus de Nocturnidade** este sindicato reclama un incremento ata o 45% do salario ordinario e a supresión do segundo parágrafo dese artigo 25 que regula este plus....a parte empresarial inda non se pronunciou sobre este plus.

> **Plus de Idiomas**; esta Organización Sindical reclamou un incremento ata o 25% do salario que percibirán aquelas persoas traballadoras cun desempeño do posto de traballo requira o coñecemento e uso de idiomas estranxeiros.... Aceptado por todas as partes.

> UGT reclamou que os **pluses de dispoñibilidade, especial e coordinación** acadasen o importe de 70€/mes os dous primeiros e o de coordinación 100€/mes.

A parte empresarial indica que os plus de dispoñibilidade e especial poderían ser de 42€/mes e o de coordinación de 60€/mes, incluíndo unha definición axeitada, segundo eles, da definición de coordinación.

> UGT puxo enriba da mesa Convenio de Centros Especiais de Emprego o **desenvolvemento dos pluses de penosidade, toxicidade e peligrosidade**.... A parte empresarial aceptou esta proposta, estando pendentes de desenvolver unha definición de cada un dos pluses así como comezar a debater o importe de cada un deles.

> UGT tamén reclamou o **plus de turnicidade**. Seguirá en estudo na próxima reunión.

> **UGT propuxo que o importe da quilometraxe sexa de 0,26 euros por quilómetro percorrido**, cando por necesidades da empresa a persoa traballadora deba utilizar o seu vehículo propio.....aceptado por todas as partes.

> **Este sindicato tamén reclamou que a paga de vinculación se rebaixe á 15 anos** en vez de 21 como está na actualidade... a parte empresarial indica que están facendo unha valoración da proposta realizada por UGT.

> **UGT propuxo un incremento de 100 euros nas axudas á maternidade/paternidade** que figuran no artigo 32 do convenio actual.... Proposta aceptada polas partes polo que pasarían a ser axudas por nacemento de fillo ou filla de 300 euros e 350 euros no caso de fillo ou filla con discapacidade.

### **En canto a propostas conxuntas das Organizacións Sindicais UGT, CIG e CCOO a situación é a seguinte:**

\* Incremento salarial do 4% no ano 2026 (con efectos do 1 de xaneiro).

\* Incremento salarial do 4% no ano 2027.

\* Incremento salarial do 4% no ano 2027.

Aceptada por todas as partes.

\* **Modificación da redacción do artigo 11.i)** que quedaría redactado no seu parágrafo primeiro do seguinte xeito "4 días ao ano para a atención de asuntos propios, sen xustificación e previo aviso de polo menos 7 días"... na actualidade estaba con "previo aviso de polo menos 15 días".



Aceptada por todas as partes.

\* Paga de beneficios

Debatendo se se mantén o modelo vixente ou se modifica....

\* Teletraballo, desconexión dixital e igualdade de oportunidades e non discriminación, conciliación e corresponsabilidade.

Debatendo a súa redacción indicando sempre a parte empresarial que o que a normativa legal recolla.

**Liñas vermellas que as patronais non ceden:**

Redución nin modificacións da xornada laboral, tanto anual como diaria.

Nin tampouco a proposta de UGT de complementar ata o 100% a baixa (IT) por enfermidade común ata que se de a situación de alta de IT (baixa laboral).

Plus de antigüidade proposto por UGT...tampouco lle interesa a parte empresarial.

A UGT seguirá propoñendo propostas e contrapropostas na mesa de negociación con seriedade e defendendo os intereses dos traballadores. A nova convocatoria será o 7 de maio.

